

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36000326	CEIP Plurilingüe Montemogos	Bueu	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Comunicación e representación da realidade	6º Inf.	9	315

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	34
4.2. Materiais e recursos didácticos	35
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	36
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	36
6. Medidas de atención á diversidade	36
7.1. Concreción dos elementos transversais	37
7.2. Actividades complementarias	37
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	38
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	39
9. Outros apartados	39

1. Introducción

A Educación Infantil constitúe unha etapa educativa de capital importancia para o desenvolvemento integral e harmónico da persoa. Así establécese como principal finalidade nesta etapa contribuír ao desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual do alumnado en estreita cooperación coas familias.

Esta programación vai dirixida a alumnado de 6º de Educación Infantil do Ceip Plurilingüe Montemogos de Beluso no concello de Bueu.

Este núcleo urbano conta cunha biblioteca, tendas de alimentación e elementos naturais como praias, cabos e montañas.

A aula de 6º de Educación infantil conta cun total de 11 alumnos e alumnas, un dos cales presenta necesidades educativas especiais.

O equipo docente estará constituído pola mestra titora, unha mestra de apoio, un mestre especialista de música, unha mestra de inglés, un mestre de relixión católica, unha mestra de educación física que imparte psicomotricidade. Contamos tamén coa intervención das especialistas de PT E AL e o asesoramento da otientadora. Contamos coa axuda cando é necesario da coidadora do centro.

A área de Comunicación e Representación da Realidade pretende promover nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan comunicarse e interpretar a realidade a través de diferentes linguaxes e formas de expresión como medio para construír a súa identidade, representar a realidade e relacionarse coas demais persoas. Os obxectivos da área relaciónanse coa habilidade de comunicarse eficazmente con outras persoas de maneira respectuosa, ética, adecuada e creativa

Os obxectivos ao redor dos que se organizan as aprendizaxes desta área están orientados cara a tres aspectos fundamentais da comunicación: a expresión, a comprensión e a interacción para visibilizar as posibilidades comunicativas das diferentes linguaxes e formas de expresión, aínda que se lle concede un carácter prioritario ao proceso de adquisición da linguaxe verbal nas dúas linguas cooficiais

A oralidade é o instrumento por excelencia para a comunicación; a expresión de vivencias, sentimentos, ideas ou emocións; a aprendizaxe e a regulación da conduta. Por iso, a súa adquisición e desenvolvemento ocupa un lugar de especial relevancia nesta etapa.

Tamén ten unha importancia fundamental que ten tamén nestes primeiros anos a comunicación non verbal.

Será preciso crear un ambiente multialfabetizador rico que comprenda todas as linguaxes posibles e que estableza relacións entre elas, na busca de que o alumnado desenvolva a capacidade de realizar transferencias. É o caso da linguaxe escrita, un contexto de interacción con iguais e persoas adultas que exercen como modelos lectores e escritores, que despertará a curiosidade, o interese e as ganas de explorar e de descubrir o seu significado social e cultural. Ese interese incrementárase se se deixan ao seu alcance libros e outros textos que recollan todo tipo de intereses.

Iníciase tamén o achegamento á literatura infantil como fonte de gozo e empézase a tecer, desde a escoita dos contos, cancións no contexto cotián, un vínculo emocional e lúdico cos textos literarios. Tendo claro que a adquisición do código escrito non é un obxectivo que se deba alcanzar nesta etapa.

Alfabetización dixital. As nenas e os nenos atópanse inmersos nunha sociedade na que o dixital afecta a nosa forma de comunicarnos, de obter información, de aprender ou de relacionarnos. É, polo tanto, responsabilidade da persoa docente establecer pautas para o desenvolvemento de hábitos de uso saudables das ferramentas e tecnoloxías dixitais

As linguaxes artísticas axudan a desenvolver a capacidade de construír conceptos, adquirir habilidades manuais e despregar a imaxinación.

A linguaxe musical permite o desenvolvemento de aspectos como a escoita atenta e activa e facilita, en gran maneira, a adquisición da linguaxe oral, a súa estruturación, ton, ritmo e entoación; a sensibilidade; a improvisación e o gozo a través da voz, do propio corpo ou dos xogos motores e sonoros.

Con respecto á linguaxe plástica, nesta etapa adquiriranse e desenvolveranse de forma progresiva desde a descuberta sensorial dos materiais e o gozo polo efecto da pegada, ata a experimentación con diferentes técnicas e materiais para expresar ideas, emocións e sentimentos.

A linguaxe corporal permite o descubrimento de novas e persoais posibilidades expresivas que poden utilizarse cunha intención comunicativa, representativa ou estética e contribuirán ao autoconecemento e á construción da identidade e ao coñecemento da realidade.

Baixo o paraugas da lexislación vixente, a finalidade da programación é que cando as nenas e nenos rematen o ciclo de Educación Infantil acaden un desenvolvemento axeitado das competencias claves.

Esta programación está deseñada para ser desenvolvida, conxuntamente coas programacións das outras dúas áreas, a través da realización de unidades didácticas entendidas como proxectos de aula formados por situación de aprendizaxe (tarefas, actividades e exercicios). Consideramos fundamental seguir respetando o principio de globalidade á hora de deseñar estas situacións de aprendizaxe, onde se poñan en práctica habilidades e capacidades relacionadas coas tres áreas curriculares.

A temporalización das unidades proposta é orientativa e poderá ser modificada tendo en conta as realidades educativas de cada persoa mestra. Atoparemos dúas unidades didácticas en cada trimestre, e durante todo o curso se traballará no PDI do centro "En xogo" (O deporte) .

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Manifestar interese por interactuar en situacións cotiás a través da exploración e do uso do seu repertorio comunicativo para expresar as súas necesidades e intencións e para responder ás esixencias da contorna.	1	1				1		
OBX2 - Interpretar e comprender mensaxes e representacións apoiándose en coñecementos e recursos da súa propia experiencia para responder ás demandas da contorna e construír novas aprendizaxes.	1	1			1			
OBX3 - Producir mensaxes de maneira eficaz, persoal e creativa utilizando diferentes linguaxes, descubrindo os códigos de cada unha delas e explorando as súas posibilidades expresivas para responder a diferentes necesidades comunicativas.	1		1	1	1		1	1
OBX4 - Participar por iniciativa propia en actividades relacionadas con textos escritos, mostrando interese e curiosidade por comprender a súa funcionalidade e algunhas das súas características.	1	1		1	1			
OBX5 - Valorar a diversidade lingüística e dialectal presente na súa contorna, así como outras manifestacións culturais, para enriquecer as súas estratexias comunicativas e a súa bagaxe cultural.	1			1				1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Aprendizaxe continua	Esta unidade traballarase de xeito transversal durante todo o curso e complementará as outras	65	X	X	X

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Aprendizaxe continua	unidades/categorías. Aquí atoparemos actividades relacionadas coas linguaxes coma medio de comunicación (assembleas, buscas de información, uso de medios dixitais) de expresión (conciencia fonolóxica, emprego de diferentes soportes) e de relación social (pautas de convivencia, autoregulación emocional....). Terán cabida nesta unidade todas as actividades que realizaremos de presentación de novos integrantes da clase, de dinámicas de cohesión de grupo, elaboración das normas da clase en gran grupo, rutinas... e todo aquilo que se repito ao longo do curso para favorecer as aprendizaxes máis básicas e elementais por parte do alumnado.	65	X	X	X
2	Coñézome / Así son eu	Proxectos onde a alumna ou alumno parta do autoconecemento. Poderemos levar a a cabo proxectos relacionados co corpo humano, as súas funcións, singularidades, diversidade persoal, igualdade de xénero, coñecemento e expresión de emocións... Levaremos a cabo propostas centradas na expresión de sentimentos, descricións de persoas, adquisición de vocabulario inclusivo, xogos de palabras e rimas...	50	X		
3	Artellando	Os proxectos adicados ao coñecemento e expresión de diferentes manifestacións artísticas, en calquera das linguaxes disponibles para o noso alumnado. As diferentes linguaxes (oral, escrita, corporal, musical, plástica, e audiovisual) cobrarán gran importancia nos proxectos dentro desta categoría, así como as transferencias entre eles.	40	X	X	X
4	Xeitos de vivir.	Proxectos adicados a coñecer un momento da historia, xa sexa presente, pasado ou futuro, un pobo ou grupo social concreto, persoas históricas, así como profesións... Levaranse a cabo propostas centradas en pequenas investigacións, recopilación e comunicación da información obtida, elaboración de materiais de difusión... PDI "En xogo"	40		X	
5	O mundo vexetal.	Proxectos relacionados co mundo vexetal, xa sexa a través do coñecemento dos principais elementos da natureza, traballando na horta, descubrindo aspectos da agricultura... As actividades que primarán nesta categoría serán de adquisición de novo vocabulario, descripción dos pasos para levar a cabo diferentes accións, a descripción de procesos e fenómenos naturais...	40		X	
6	O mundo animal.	Proxectos adicados a un animal, ou a un conxunto deles, a unha especie, a un contexto ou hábitat, a relación cos seres humanos... As actividades que primarán nesta categoría serán de adquisición de novo vocabulario, descripción de animais segundo as súas características singulares,	40			X

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	O mundo animal.	así como a descrición do seu hábitat, elaboración de presentacións sinxelas para presentar información...	40			X
7	Onde eu vivo	Proxectos relacionados coa contorna do alumnado, tanto a máis próxima, coma a relación que poida ter con outras. Tamén o traballo relacionado coa cultura, o patrimonio, as expresións culturais e máis aspectos relacionados. Primarán as actividades de consulta de fontes de información sobre diferentes temas para poder elaborar diferentes produtos que difundan e promocionen o patrimonio cultural en ambas linguas oficiais. Letras galegas 2024	40			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Aprendizaxe continua	65

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Amosa iniciativa para facer aportacións nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...)	TI
CA1.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Amosa interese por manifestarse a través de distintas técnicas artísticas. Gústalle debuxar, pintar, modelar...	
CA1.4 - Axustar o seu repertorio comunicativo ás propostas, aos interlocutores e ao contexto, indagando nas posibilidades expresivas das diferentes linguaxes.	Exprésase cun vocabulario e actitude axeitada en diferentes situacións.	
CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.	Amosa iniciativa para facer aportacións nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) en diferentes linguas	
CA2.2 - Participar en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas as dúas para fomentar a riqueza cultural da nosa comunidade.	Amosa iniciativa para facer aportacións nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) en diferentes linguas	
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Amplia o vocabulario e úsao con precisión.	
CA2.4 - Valorar positivamente as particularidades lingüísticas da contorna próxima.	Aumentar o vocabulario	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	Emprega as expresións de convencións sociais básicas e unha linguaxe respetuosa coas demais persoas no intercambio comunicativo	
CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.	Amosa iniciativa para facer aportacións nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) en diferentes linguas	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Amosa iniciativa para facer aportacións nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...) en diferentes linguas	
CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión.	Participa nas actividades e xogos de conciencia fonolóxica recoñecendo e diferenciando os as unidades da lingua coma fonemas, letras, sílabas e palabras.	
CA3.2 - Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demais.	Comprende a intención comunicativa e interpreta das mensaxes emitidas por outras persoas ea as interpreta correctamente.	
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Prograsa no uso da linguaxe.	
CA3.4 - Utilizar a linguaxe oral como instrumento regulador da acción nas interaccións cos demais con seguridade e confianza.	Emprega a linguaxe para chegar a acordos cos demais para satisfacer as súas necesidades e desexos	
CA3.5 - Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral.	Amosa iniciativa para facer aportacións nas situacións de intercambio comunicativo (asambleas, círculos dialóxicos, dinámicas de grupo...)	
CA3.6 - Expresar oralmente mensaxes facendo transferencias doutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e corporal) e indagando nas posibilidades comunicativas que ofrece a combinación delas.	Mellora a expresión oral tanto en vocabulario como en coherencia e contido.	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	É quen de realizar grafismos, libres e/ou suxeridos, así como a escritura de diferentes palabras sinxelas coñecidas polo alumnado.	
CA5.1 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	Reproducir contos sinxelos oralmente	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Visita o recuncho da biblioteca de maneira voluntaria, respectando as normas de uso e colaborando na súa organización.	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Escoita con atención a lectura de textos literarios de certa extensión e goza compartíndo ese momento coas compañeiras e compañeiros.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA5.4 - Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubrindo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria.	Amosa iniciativa para facer aportacións nas situacións de intercambio comunicativo tras a escoita o lectura dun texto literario.	
CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons.	Participa nas actividades e xogos de conciencia fonolóxica amosando capacidade para percibir e discriminar diferentes sons.	
CA7.1 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Amosa iniciativa para facer aportacións nas situacións de intercambio comunicativo con respecto as manifestacións artísticas	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	Amosa interese por manifestarse a través de distintas técnicas artísticas. Colabora e aporta nos traballos grupais-	
CA7.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Realizar producións plásticas	
CA7.4 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Participar en conversas de aula	
CA7.5 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Expresarse con respecto, na análise grupal das producións dos demais.	
CA7.6 - Elaborar creacións plásticas a partir de mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, oral, gráfico, escrito e corporal) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre eles.	Realizar produción plásticas	
CA9.3 - Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa.	Participa en actividades de creación con ferramentas dixitais para crear produtos propios e creativos.	
CA9.4 - Coñecer e aplicar as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas: tempos de utilización, contextos e momentos de uso, tipo de aplicacións, contidos axeitados.	Coñece, acepta e respecta as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas e amosa unha actitude responsable.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal. - Comunicación interpersoal: empatía e asertividade. - Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia. - Ampliación do repertorio lingüístico individual. - Achegamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.

Contidos

- A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma.
- Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.
- Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais.
- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.
- Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.
- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.
- Creación de textos ou enunciados orais formais e informais.
- escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.
- Interpretación da intención comunicativa das mensaxes.
- Verbalización da secuencia de accións nunha actividade planificada.
- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.
- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.
- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas.
- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.
- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.
- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.
- Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural.
- Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.
- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.
- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.

Contidos

- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.
- Respecto polas producións alleas.
- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.
- Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos.
- Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Planificación da acción en producións plásticas.
- Achegamento a diferentes formatos e soportes de expresión plásticos e visuais.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.
- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.
- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.
- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.

UD	Título da UD	Duración
2	Coñézome / Así son eu	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Participa en conversas de aula	TI
CA1.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Amosa iniciativa por compartir a súa interpretación de representacións ou manifestacións artísticas.	
CA1.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Realiza creacións artísticas onde reflexa a súa imaxinación, ideas e emocións e goza o proceso.	
CA1.4 - Axustar o seu repertorio comunicativo ás propostas, aos interlocutores e ao contexto, indagando nas posibilidades expresivas das diferentes linguaxes.	Aumenta o vocabulario e a coherencia na expresión oral	
CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.	Aumenta o vocabulario nas diferentes linguas	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.2 - Participar en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas as dúas para fomentar a riqueza cultural da nosa comunidade.	Aumenta o vocabulario nas diferentes linguas	
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Aumenta o vocabulario nas diferentes linguas	
CA2.4 - Valorar positivamente as particularidades lingüísticas da contorna próxima.	Amosa interés por aprender cancións, sefráns, poesías noutras linguas	
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	Utiliza as formas de cortesía para saúdos e despedidas	
CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.	Participa activamente nas actividades noutras linguas	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Utiliza as formas de cortesía para saúdos e despedidas	
CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión.	Mellora a pronunciación dee sons	
CA3.2 - Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demais.	Comprende a intención comunicativa e interpreta das mensaxes emitidas por outras persoas e a as interpreta correctamente.	
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Expresase correctamente	
CA3.4 - Utilizar a linguaxe oral como instrumento regulador da acción nas interaccións cos demais con seguridade e confianza.	Expresase correctamente e con respecto polos demais	
CA3.5 - Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral.	E quen de facer unrelato oral das súas experiencias de xeito correcto	
CA3.6 - Expresar oralmente mensaxes facendo transferencias doutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e corporal) e indagando nas posibilidades comunicativas que ofrece a combinación delas.	Entende e intenta expresar mensaxes noutras linguas	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	Mellora a súa motricidade fina	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Escoita con atención	
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Amosa iniciativa por expresar a súa opinión sobre unha manifestación artística nunha situación de intercambio comunicativo.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA7.1 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Mostra curiosidade ante todo tipo de representacións artísticas	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	Participa en traballos en grupo	
CA7.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Amosa interés por por crear produccion imaxinativas	
CA7.4 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa emocións no seus traballos pláticos	
CA7.5 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	E quen de valorar as producción deo demais con respecto	
CA7.6 - Elaborar creacións plásticas a partir de mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, oral, gráfico, escrito e corporal) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre eles.	Realiza obras plásticas com doferentes técnicas e materias	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Participa en actividades de danza e dramatización movendo o corpo de xeito libre e dirixido expresando emocións.	
CA8.2 - Axustar harmonicamente o seu movemento ao dos demais e ao espazo como forma de expresión corporal libre, manifestando interese e iniciativa.	Participa en actividades de expresión corporal libre axustando o seu movemento ao espazo e a das demais persoas.	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Fai achegas sobre as interpretacións dos demais, expresando a súa valoración de xeito empático e respetuoso.	
CA8.4 - Interpretar corporalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e oral) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	É capaz de expresarse corporalmente, empregando o corpo, o movemento, a cara e a postura, a partir de creacións feitas noutras linguaxes.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal. - Comunicación interpersonal: empatía e asertividade. - Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia. - Ampliación do repertorio lingüístico individual. - Achegamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses. - A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma. - Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses.

Contidos

- Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais.
- Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica.
- Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.
- Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias.
- Creación de textos ou enunciados orais formais e informais.
- escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.
- Interpretación da intención comunicativa das mensaxes.
- Verbalización da secuencia de accións nunha actividade planificada.
- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.
- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.
- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas.
- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.
- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.
- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.
- Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.
- Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos.
- Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Planificación da acción en producións plásticas.
- Achegamento a diferentes formatos e soportes de expresión plásticos e visuais.
- Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos?) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática.

Contidos

- Uso do baile e da danza como medios de expresión.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo.

UD	Título da UD	Duración
3	Artellando	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Paricipa en conversas de aula	TI
CA1.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Amosa iniciativa por compartir a súa interpretación de representacións ou manifestacións artísticas.	
CA1.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Realiza creacións artísticas onde reflexa a súa imaxinación, ideas e emocións e goza o proceso.	
CA1.4 - Axustar o seu repertorio comunicativo ás propostas, aos interlocutores e ao contexto, indagando nas posibilidades expresivas das diferentes linguaxes.	Aumenta o vocabulario e a coherencia na expresión oral	
CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.	Canta, recita...nas linguas da contorna	
CA2.2 - Participar en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas as dúas para fomentar a riqueza cultural da nosa comunidade.	Aumenta o vocabulario nas diferentes linguas	
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Utiliza palabras dos idiomas cos que convive	
CA2.4 - Valorar positivamente as particularidades lingüísticas da contorna próxima.	Amosa interese por aprender cancións, sefráns, poesías noutras linguas	
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	Emprega de xeito habitual expresións de convencións sociais básicas como saúdos e despedida, por favor e grazas.	
CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.	Participa en conversacións nas diversas linguas da contorna	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Utiliza as formas de cortesía para saúdos e despedidas	
CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión.	Mellora a pronunciación dee sons	
CA3.2 - Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demais.	Comprende a intención comunicativa e interpreta das mensaxes emitidas por outras persoas ea as interpreta correctamente.	
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Exprésase oralmente con soltura e coherencia.	
CA3.4 - Utilizar a linguaxe oral como instrumento regulador da acción nas interaccións cos demais con seguridade e confianza.	Expresase correctamente e con respecto polos demais	
